

**ACTA NÚMERO: 28/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 21 DE XULLO DE 2022.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 21 de xullo de 2022 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Gregorio Agís Gómez Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días 7 de xullo de 2022 (Reunión 26/2022) e 14 de xullo de 2022 (Reunión 27/2022).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". (Expte.- 2021065111).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento interior de local pertencente á Deputación de Pontevedra situado na Avda. Tourón, 46 no Concello de Vilagarcía de Arousa". (Expte.- 2022015190).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza, de carácter non industrial, para o Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022004063).*
5. *Proposta de adxudicación dos lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado, trámite de urxencia, para a contratación da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos proxectos "Da túa man" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e "Commerce Inside" dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2022029400).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2104 Panxón-Patos e na E.P. 2105 Panxón-Monteferro (Concello de Nigrán)". (Expte.- 2022015366).*
7. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", do procedemento aberto convocado para a contratación do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2021053554).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2021053554).*



9. *Aprobación das valoracións acadadas no sobre "B2, correspondente á documentación avaliable mediante criterios que precisan dun xuízo de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021044973).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021044973).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, e D Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

### **1. Aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días 7 de xullo de 2022 (Reunión 26/2022) e 14 de xullo de 2022 (Reunión 27/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación das actas das reunións anteriores dos días, 7 de xullo de 2022 (Reunión 26/2022) e 14 de xullo de 2022 (Reunión 27/2022).

### **2. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". (Expte.- 2021065111).**

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 20 de maio de 2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) en Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de maio de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 16/07/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) en Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño".



As empresas admitidas foron as seguintes:

- MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.
- HORDESCON
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaláran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 23 de xuño de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACION SOBRE "A"
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	18,00	3,00	21,00
HORDESCON	16,00	2,00	18,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	3,00	23,00
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS	18,00	3,00	21,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 30/06/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso



Fernández, de data 23/06/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	290.258,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	306.084,26 €	2%	24 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	294.789,18 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	286.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	276.791,52 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	294.230,63 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	309.917,35 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta, polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE “B”
-------------	----------------------	-------------------	------------------	-------------------------	----------------------



MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	22,15	5,00	5,00	5,00	37,15
HORDESCON, S.L.	4,92	2,50	2,50	5,00	14,92
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	17,72	5,00	5,00	5,00	32,72
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	26,31	5,00	5,00	5,00	41,31
NAROM, S.L.	18,26	5,00	5,00	5,00	33,26
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	0,45	5,00	5,00	5,00	15,45
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	16,05	5,00	5,00	5,00	31,05

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó Órgano de Contratación, excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	18,00	41,31	59,31
2	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	21,00	37,15	58,15
3	NAROM, S.L.	23,00	33,26	56,26
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	23,00	32,72	55,72
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00	31,05	52,05



6	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	15,45	38,45
7	HORDESCON, S.L.	18,00	14,92	32,92

3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño” á empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....286.000,00 €  
 IVE (21%) .....60.060,00 €  
 Importe Total .....346.060,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Segundo se desprende dos datos recollidos no citado rexistro a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
  - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3anos en contratos de características similares
  - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.



- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 14.300,00 €

**3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento interior de local pertencente á Deputación de Pontevedra situado na Avda. Tourón, 46 no Concello de Vilagarcía de Arousa". (Expte.- 2022015190).**

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2022004390 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Acondicionamento interior de local pertencente á Deputación de Pontevedra situado na Avda Touron,46 no Concello de Vilagarcía de Arousa", cun orzamento base de licitación de 67.531,96 €IVE incluído. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 30/06/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento interior de local pertencente á Deputación de Pontevedra situado na Avda. Touron, 46 no Concello de Vilagarcía de Arousa".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.
- OBRAS GALLAECIA, S.L.
- CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ, S.L.
- REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L.
- SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as



condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxera para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que a empresa CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta, polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "ÚNICO"
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA,S.L.	30,56	10,00	10,00	2,50	53,06
OBRAS GALLAECIA, S.L.	0,90	10,00	10,00	5,00	25,90
REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L.	21,84	0,00	10,00	0,00	31,84
SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	30,30	10,00	10,00	5,00	55,30

A Mesa de Contratación acorda;

- Propor ó Órgano de Contratación, excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ, S.L.. pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Acondicionamento interior de local pertencente á Deputación de Pontevedra situado na Avda Touron,46 no Concello de Vilagarcía de Arousa" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	55,30
2	ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA,S.L.	53,06
3	REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L.	31,84
4	OBRAS GALLAECIA, S.L.	25,90

- Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento interior de local pertencente á Deputación de Pontevedra





situado na Avda Touron,46 no Concello de Vilagarcía de Arousa” á empresa SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....	51.801,16 €
IVE (21%) .....	10.878,24 €
Importe Total .....	62.679,40 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos no citado rexistro a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- a) Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un **volumen anual de negocios**, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

O volumen anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- b) Solvencia técnica

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que



se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 2.590,06 €

**4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza, de carácter non industrial, para o Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022004063).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022004618 de data 15 de xuño de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da “*Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza, de carácter non industrial, para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”.(Expte.- 2022004063)”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accedeu á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desciframento e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á



documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación do sobre únicos, as empresas presentadas foron as seguintes:

- COTELGA, S.L. (NIF: B 15493661)
- DARLIM S.L. (NIF: B 36612562)

Os valores ofertados foron o seguintes:

COTELGA, S.L. (NIF: B 15493661)

PREZO OFERTADO	OFERTA ANUAL TOTAL
Sumatorio dos prezos ofertados multiplicado polo número estimado de unidades (C)	17.672,01 €
IVE (21%)	3.711,12 €
<b>OFERTA TOTAL (CON IVE)</b>	<b>21.383,13 €</b>

DARLIM S.L. (NIF: B 36612562)

PREZO OFERTADO	OFERTA ANUAL TOTAL
Sumatorio dos prezos ofertados multiplicado polo número estimado de unidades (C)	27.438,65 €
IVE (21%)	5.762,11 €
<b>OFERTA TOTAL (CON IVE)</b>	<b>33.200,76 €</b>

Seguidamente procedeuse á valoración dos criterios automáticos das ofertas presentadas polas empresas detectando que a oferta presentada pola empresa *Cotelga, S.L.* (B 15493661) contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento.

En virtude do anterior, a Mesa de Contratación acordou facultar ó Secretario para que proceda a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días



hábeis, xustifique a súa oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Dentro do prazo de requirimento, a empresa *Cotelga, S.L. (B 15493661)* presentou a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL mensaxe escrito (CSV: XS4L2FS85G8FFEF1) manifestando que “Según conversación telefónica mantida renunciamos a la licitación. Y se lo comunicamos para que puedan seguir con la licitación , debido a que tuvimos un error y nos salió la oferta desproporcionada”. Considerando o anterior procede excluír do procedemento á empresa *Cotelga, S.L. (B 15493661)* dado que a oferta que presentou non pode ser cumprida como consecuencia de valores anormais ou desproporcionados feito que imposibilita o cumprimento do contrato.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento, procédese a efectuar a valoración da oferta presentada pola empresa *Darlim, S.L. (B 36612562)* que acada o seguinte resultado:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN
DARLIM, S.L. (B 36612562)	8,134

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ao Órgano de Contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa *Cotelga, S.L. (B 15493661)* que renuncia á oferta presentada por ter un erro no momento de presentala e realizar unha oferta desproporcionada tal e como manifesta en escrito presentado a través da plataforma electrónica VORTAL con data 18 de xullo de 2022 (CSV: XS4L2FS85G8FFEF1)
- Aprobar a clasificación da oferta admitida no procedemento aberto simplificado convocado para a *Subministración de produtos de droguería, aseo persoal e limpeza de carácter non industrial, para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*, que queda do seguinte xeito:

POSICIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1ª	DARLIM, S.L. (B 36612562)	8,134

- Propor ao Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a *Subministración de produtos de droguería, aseo persoal e limpeza de carácter non industrial, para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra* á empresa *DARLIM, S.L.*, e de acordo co seguinte detalle:



Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
27.438,65 €	5.762,11 €	33.200,76 €

A Mesa de Contratación comproba que a empresa DARLIM, S.L. (B 36612562) proposta como adxudicataria figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, e segundo se desprende dos datos recollidos nos citados rexistros a empresa cumpre os requisitos de capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

4. Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requerir, mediante comunicación electrónica, á empresa DARLIM, S.L. (B 36612562), proposta como adxudicatarias do procedemento aberto simplificado convocado para a *Subministración de produtos de droguería, aseo persoal e limpeza de carácter non industrial, para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*, que presenten a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público:
- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  - Documentación xustificativa da alta no Imposto de actividades económicas na epígrafe correspondente ao obxecto do contrato.
  - Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP, segundo o detallado nas cláusulas particulares deste prego.
  - Documento que acredita a constitución da garantía definitiva por valor de 1.371,93€

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadar a mesma documentación á empresa licitadora seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

- 5. Proposta de adxudicación dos lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado, trámite de urxencia, para a contratación da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos proxectos “Da túa man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2022029400).**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno na sesión de data 03 de xuño de 2022 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto trámite de urxencia, da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte.- 2022029400).

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 03 de xuño de 2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 05 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o 23 de xuño de 2022, procedeu a efectuar a apertura electrónica dos sobres “A” (documentación administrativa) das empresas que presentaron a súa oferta dentro do prazo establecido, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Deputación de Pontevedra.

As empresas admitidas en cada un dos lotes foron as seguintes:

CIF	Empresa	Lotes aos que se presenta
B 25335332	Alqui-Envas, SL	1 e 3

A continuación, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada pola empresa admitida neste procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante procedemento aberto trámite de urxencia, da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte.- 2022029400).

Os valores ofertados foron os seguintes:



**EMPRESA: ALQUI-ENVAS, S.L.**

**LOTE NÚMERO 1**

<b>Lote 1. Zonas de descanso</b>					
<b>Proxecto</b>	<b>Unidades</b>	<b>Prezo Unitario ofertado</b>	<b>Importe Total</b>	<b>IVE</b>	<b>Importe Total Ofertado</b>
Commerce Inside: Cargadores solares, puntos de recarga, asentos e iluminación	30	2.632,00 €	78.960,00 €	16.581,60 €	95.541,60 €
Commerce Inside: Xardineiras e ornamentación	30	818,00 €	24.540,00 €	5.153,40 €	29.693,40 €
Da túa Man: Cargadores solares, puntos de recarga, asentos, iluminación e xardineiras	21	3.419,00 €	71.799,00 €	15.077,79 €	86.876,79 €
Da túa Man: Xardineiras e ornamentación	29	818,00 €	23.722,00 €	4.981,62 €	28.703,62 €
<b>IMPORTE TOTAL LOTE</b>			<b>199.021,00 €</b>	<b>41.794,41 €</b>	<b>240.815,41 €</b>

**LOTE NÚMERO 3**

<b>Lote 3. Sinaléctica Integrada</b>					
<b>Proxecto</b>	<b>Unidades</b>	<b>Prezo Unitario ofertado</b>	<b>Importe Total</b>	<b>IVE</b>	<b>Importe Total Ofertado</b>
Commerce Inside: Sinaléctica Integrada	12	3.055,00 €	36.660,00 €	7.698,60 €	44.358,60 €
Da túa Man: Sinaléctica Integrada	20	3.055,00 €	61.100,00 €	12.831,00 €	73.931,00 €
<b>IMPORTE TOTAL LOTE</b>			<b>97.760,00 €</b>	<b>20.529,60 €</b>	<b>118.289,60 €</b>

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332) presenta valores anormais ou desproporcionados no referente ao prezo unitario ofertado no Lote 1. Zonas de descanso verdes, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, conxuntamente os servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, mediante informe de data 08 de xullo de 2022 (CSV: V49QEEURWYIKEJIL), considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.



Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre B, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, as puntuacións acadadas polas empresas que optar á adxudicación deste contrato en cada un dos lotes son as seguintes:

**LOTE 1:**

CRITERIOS DE VALORACIÓN	ALQUI - ENVAS (NIF: B 25335332)
1. Menor prezo unitario ofertado (sen IVE), <i>Ata un máximo de 70 puntos.</i>	70,00
2.Redución no prazo de entrega. <i>Ata un máximo de 30 puntos.</i>	15,00
<b>PUNTUACION SOBRE B</b>	<b>85,00</b>
<b>PUNTUACION TOTAL</b>	<b>85,00</b>

**LOTE 3:**

CRITERIOS DE VALORACIÓN	ALQUI - ENVAS (NIF: B 25335332)
1. Menor prezo unitario ofertado (sen IVE), <i>Ata un máximo de 70 puntos.</i>	44,50
2.Redución no prazo de entrega. <i>Ata un máximo de 30 puntos.</i>	15,00
<b>PUNTUACION SOBRE B</b>	<b>59,50</b>
<b>PUNTUACION TOTAL</b>	<b>59,50</b>

A Mesa de Contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas nos lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante procedemento aberto trámite de urxencia, da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte.- 2022029400), que queda da seguinte forma:

**Lote 1**





POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332)	85,00	85,00

### Lote 3

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332)	59,50	59,50

2.- Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, a declaración de deserto o Lote 2 do procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante procedemento aberto trámite de urxencia, da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos "Da Túa Man" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e "Comerce Inside" dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte.- 2022029400), por non existir ofertas de empresas interesadas na adxudicación do referido Lote.

